



PLAN RENOVE DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS 2017

MANUEL TABOADA VIGO, Alcalde do Concello de O Pino,

INFORMA que a Consellería de Economía, Emprego e Industria concede subvencións para a renovación das instalacións eléctricas común en edificios de vivendas.

BENEFICIARIOS: Comunidades de propietarios ou persoas físicas propietarias de edificios de uso residencial con dúas ou máis vivendas.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES: A reforma das instalacións eléctricas comúns dos edificios de máis de 25 anos, incluíndo a reforma das instalacións de enlace, a toma de terra, o cadro de servizos comúns, as portas RF, as instalacións correspondentes aos servizos xerais do edificio, a substitución de chaves e interruptores convencionais por detectores de presenza e as pequenas obras auxiliares de construción necesarias para acometer a instalación.

CONTÍA: Máximo de **150 €** por contador, **cun límite máximo de 3.000 euros** por instalación non podendo, en todo caso, superar o 25% do total do custo da instalación.

PRAZO DE SOLICITUDE: *Comeza o 2 de maio e remata o 1 de setembro de 2017.*

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: *Para formalizar a solicitude deberán dirixirse ás entidades colaboradoras (empresas instaladoras) que serán as encargadas da venda, da tramitación da solicitude e xustificación, da substitución e da instalación dos equipamentos.*

Información sobre a listaxe de entidades colaboradoras adheridas ao plan, na páxina web da DXEM: <https://entidadescolaboradoras.xunta.gal/electricas/consulta/>

(Normativa: DOG, nº 52 do 15 de marzo de 2017)

O Pino, 28 de abril de 2017
O Alcalde,